

A CORUÑA A LARACHA OCIO

O espectáculo “A Maxia de Europa” chega á Laracha

POR REDACCIÓN A CORUÑA · PUBLICADO 04/05/2024

 COMPARTIR     


A MAXIA DE EUROPA
con Pedro Bugarín

Venres 10 de maio
18:00 h
Casa da Cultura
A Laracha

Entrada de balde


@europedirectcoruna

EUROPE DIRECT A Coruña

Europa Cconcello

Deputación DA CORUÑA

CONCELLO DA LARACHA

 **Xogos, trucos, ilusión, humor e información europea se reúnen nesta actividade para todos os públicos**

COMPARTIR



A Laracha acolle o venres da próxima semana, día 10 de maio, o espectáculo *A Maxia de Europa*. Trátase dunha actividade de EUROPE DIRECT A Coruña que mestura xogos, trucos, ilusións e humor para realizar unha viaxe máxica e dinámica para todos os públicos, maiores e pequenos, a través dos valores, símbolos, beneficios e algún dos programas da Unión Europea. A función, con entrada de balde, terá lugar na Casa da Cultura ás 18:00 horas.

O público asistente poderá seguir os trucos de maxia realizados coas bandeiras europea e dos estados membro ou a moeda común, entre outros elementos. O espectáculo estará guiado polo mago Pedro Bugarín, un ilusionista con máis de 15 anos de experiencia no seu eido e que tamén ten vivido múltiples experiencias de mobilidade en Europa.

Esta actividade lúdica e máxica está organizada por EUROPE DIRECT A Coruña dentro da iniciativa

Europa no teu Concello, da que forma parte o Concello da Laracha. O espectáculo levará durante o mes de maio os valores, símbolos e oportunidades da Unión Europea a un total de seis municipios da provincia adheridos a esta rede.

[Coñece toda a información](#)

Europa no teu Concello

Este espectáculo itinerante forma parte da programación que Europa no teu Concello ofrece aos membros da rede. EUROPE DIRECT A Coruña puxo en marcha esta iniciativa, da que xa forman parte 46 concellos, para aproximar a información sobre a Unión Europea a toda a cidadanía da provincia, en especial, da mocidade.

EUROPE DIRECT A Coruña é un centro de información oficial da Comisión Europea que pertence á Deputación da Coruña. A misión do centro, que iniciou a súa traxectoria no ano 1996, é traballar coa cidadanía, os medios de comunicación e as entidades locais cos obxectivos de implicar á poboación en temas europeos, así como proporcionar contidos sobre as políticas e as prioridades da UE. Tamén axudar á Comisión Europea a adquirir unha visión xeral das sensibilidades locais relacionadas coas súas políticas e promover a cidadanía europea activa nas escolas.

ETIQUETAS [Concello da Laracha](#), [Europe Direct A Coruña](#), [Laracha](#), [maxia](#), [ocio](#)

Comparte este artículo

FACEBOOK

TWITTER

WhatsApp

in

Telegram

Link



ESCRIBE TU COMENTARIO

Noticias relacionadas



A CORUÑA **MÚSICA**
Christian McBride, gañador de oito premios Grammy, entre os protagonistas do Festival Internacional +QJazz, que volve á Coruña



A CORUÑA **CULTURA**
A Coruña, escenario central das celebracións das Letras Galegas 2024, en homenaxe a Luisa Villalta



A CORUÑA **ECONOMÍA** **MAR**
El Puerto de A Coruña alcanzó en abril su mejor estadística mensual de la historia



GALICIA **A CORUÑA**
A Deputación da Coruña financia con 150.000 euros o programa de educación e divulgación ambiental do CEIDA



CARGAR MAS

VENTANA DEPORTIVA DEPORTES

La espectacular 44CUP debuta en Baiona